

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE VINTE E UN DE AGOSTO DE 2017. EXPTE. 4758/2017.

CONVOCADOS /// ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA.
D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 21 de agosto de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, D. José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros *Dona María Isabel Rodríguez López* e *D. Emilio Villarmeá Méndez*.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 14-08-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión do día 14 de agosto de 2017.

2.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

EXPTE. 4756/2017.- AXUDA NO FOGAR

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D. Nestor Rodríguez Pernas, con domicilio en A Ponte núm. 34, Landrove, en Viveiro (registro de entrada municipal núm. 5199/2017)

Visto o informe da Traballadora Social, asinado dixitalmente o 17 de agosto de 2017, no que se propón conceder a dita axuda ó solicitante, de acordo cos seguintes detalles de contidos prestacionais, aportación económica, duración do servizo e revisión do mesmo:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>200<250% imprem
Aportación económica:	40%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	60%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Revisión anual
Disponibilidade de alta efectiva ou paso á lista de agarda:	Alta efectiva

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.-Conceder a D. Nestor Rodríguez Pernas o servizo de axuda no fogar solicitado, de acordo co previsto no informe da Traballadora Social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e de traslado ó interesado.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

EXPTE. 4331/2017.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN

Vistos os antecedentes do expediente para a contratación da obra denominada "*Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no treito comprendido entre o núm. 70 e 96 da rúa Grande de Celeiro*". (Expte. CT 15/2017).

Visto que na Mesa de Contratación, en sesión de 10 de agosto de 2017, deuse conta das empresas presentadas ao procedemento, que foron as seguintes: "*Construcciones Carferlo S.L.*"; "*Construcciones Cazás S.L.*" e "*Viaqua Gestión Integral de Augas de Galicia S.A.U.*".

Visto que na referida Mesa de contratación de 10 de agosto de 2017 procedeuse ao control da documentación administrativa contida nos sobres núms. 1 das tres proposicións presentadas, estimándose correcta a devandita documentación polos membros da Mesa, segundo consta na acta da referida sesión.

Visto que na Mesa de Contratación, en sesión de 14 de agosto de 2017, procedeuse á apertura dos sobres núms. 2, con control da documentación técnica presentada polas tres empresas licitadoras; deuse conta das ofertas económicas presentadas, con posterior acto de negociación, control de baixa desproporcionada e valoración das ofertas, todo elo segundo consta na acta da referida sesión, resultando proposta pola Mesa para a adxudicación do contrato á empresa "*Construcciones Cazás S.L.*" por un prazo de execución de obra de 2 meses e por un importe económico total de 94.860,00 €, IVE incluído, decidindo requirila para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, con base na decisión adoptada pola Mesa de Contratación en sesión de 14 de agosto de 2017, acorda:

Primeiro.- Requiritr á empresa "*Construcciones Cazás S.L.*", con CIF núm. B-27.010.982, os documentos previos á adxudicación do contrato, contemplados na cláusula 20 do prego de cláusulas, regulador do

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

expediente para a contratación da obra denominada "*Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no treito comprendido entre o núm. 70 e o núm. 96 da rúa Grande de Celeiro*".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para efectuar o citado requirimento de documentación e dar continuidade ao expediente ata a súa conclusión.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

EXPTE. 4754/2017

Vista a orde de 18 de xullo de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercizos 2017/2018, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020,

Visto o informe do Director do Centro de Servizos Sociais, asinado dixitalmente o 17 de agosto de 2017, para a solicitude da referida subvención, cos condicionamentos establecidos na referida orde, indicando que a Xunta de Goberno Local debe adoptar acordo sobre os seguintes extremos:

1. Aprobación dos seguintes proxectos:
 - Desenvolvemento socio laboral da poboación xitana.
 - Educación familiar.
 - Integración social e laboral da poboación inmigrante.
2. Acordo polo que se aproba a solicitude de subvención para os anteditos proxectos.

Visto o informe do Interventor por delegación, asinado dixitalmente o 18 de agosto de 2017, donde establece que "*a subvención, que se*



Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

concedese, realizarase toma de razón en contabilidade separada do gasto e ingreso otorgado nos proxectos contables e aplicación orzamentarias correspondentes dos exercizos 2017 e 2018".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar os seguintes proxectos: 1) *Desenvolvemento socio laboral da poboación xitana*; 2) *Educación familiar*; 3) *Integración social e laboral da poboación inmigrante*.

Segundo.- Aprobar a solicitude de subvención para os anteriores proxectos mencionados no punto primeiro, ao abeiro da orde de 18 de xullo de 2017, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán ás corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercizos 2017/2018, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo ao Director do Centro de Servizos Sociais, para a súa tramitación.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo ás trece horas e cincuenta minutos do día 21 de agosto de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretario accidental dou fe.